




## Plan Proxecta: *Por 365 días de respecto e igualdade.*

O alumnado de **1º de BAC** participou no obradoiro titulado “**Violencia de xénero e novo contexto dixital**”, que foi impartido pola asociación *Pantalla amigas*, do País Vasco. Levouse a cabo en dúas sesións, o 19 e 26 de febreiro de 2021, e foi en liña, dadas as circunstancias que estamos a vivir por mor da pandemia.


O disertador foi centrando o tema a partir de preguntas ao alumnado; e das súas respostas deducíase o seu grao de coñecemento, cos seus acertos e prexuízos.

A primeira tarefa foi a análise dunha serie de palabras que son claves no eido da violencia de xénero; algunhas delas son as seguintes: masculinismo, xénero, homofobia, LGBTfobia, lesbofobia, micromachismos, señorío, incels, patriarcado, feminismo, igualdade etc.



Posteriormente, matizáronse os conceptos de “violencia de xénero” e “violencia machista” e analizáronse os diferentes tipos desta última: de control, económica, psicolóxica, física e sexual.


Xa feitas todas esas precisións, pasouse á análise dos videoxogos máis empregados hoxe en día, tales como FIFA, CS:GO, DOTA2, GTA etc. Analizouse a caracterización de diferentes personaxes para aprender a visualizar o sexismo e o machismo que se agocha detrás desas aparentes imaxes “normais”. Quizais esta foi a parte que máis lle custou comprender a unha parte do alumnado, pois pensa que o ser tan politicamente correcto podería mutilar a liberdade creativa e a calidade do xogo.



Na outra sesión, abordáronse as relacións sentimentais tóxicas e a contorna dixital. Explicouse a diferenza entre unha relación sa e unha tóxica; viuse a escaleira cíclica da violencia de xénero; analizouse o mito do amor romántico e sinalouse a diferenza entre o *sexting* e o *sexpreading*.

etings Información de la reunión Ocultar barra de menús ^ Con conexión

Compartir Ver Audio y vídeo Participante Reunión Sesiones de grupos Ayuda



### Relaciones sentimentales tóxicas

- "tengo que preguntarle si le parecen bien las fotos que publico"
- "tengo que ir vestido/a como a él/ella le guste"
- "se enfada tanto porque me quiere mucho y quiere lo mejor para mí"
- "si es celoso/a es porque me quiere"
- "si me pide una foto, debo mandársela para demostrarle que le/la quiero"
- "le doy permiso para que mire mi móvil para que vea que no hago nada malo"
- "es normal que no le guste cuando quedo con otros chicos/as"
- "si me pregunta dónde estoy y con quién, es porque se preocupa por mí"
- "le doy las contraseñas de mis redes sociales para que confíe en mí"

www.PantallasAmigas.net PantallasAmigas

Silenciar Detener vídeo

13:16 26/02/2021

O obradoiro resultou atractivo para o alumnado, que colaborou en todo momento, o que ocasionou unhas sesións bastante interactivas, aínda que coas eivas propias dos medios dixitais e tecnolóxicos, como certos problemas co son, e a falta da presenza do dinamizador na aula.





Estas sesións terán continuación noutras que se desenvolverán na clase ordinaria a partir dos libros de lectura que se traballan durante o curso. O alumnado vai elixir algúns fragmentos das obras lidas onde se aprecien condutas machistas e sexistas, que logo se analizarán conxuntamente aplicando os conceptos que se viron no obradoiro.